

SOFTWARE DE FACEBOOK PARA BLACKBERRY
TERMOS ADICIONAIS

Research In Motion Limited ou unha das súas filiais (“RIM”) ten o pracer de poñer á súa disposición a título persoal ou, se está autorizado para adquirir o Software de Cliente (como se define máis abaixo), no nome da súa empresa ou doutra entidade, a entidade para cuxo beneficio actúa, (en calquera caso, “vostede”), o software de Facebook para BlackBerry (o “Software de Cliente”) de balde, que posibilita o uso de certos produtos portátiles para acceder e utilizar o servizo de rede social que ofrece Facebook Inc. (“Facebook”) (o “Servizo de Acceso”). RIM comprácese en poñer á súa disposición o Software do Cliente, pero só pode facelo se conta co seu consentimento informado de que o Servizo de Acceso é un servizo de terceiros e/ou que permite o acceso a contidos de terceiros proporcionados por Facebook e/ou outros terceiros, ningún dos cales está controlado por RIM. Vostede debe ter a seguridade de que sabe con quen está a pactar e que coñece os termos e condicións de todos os acordos pertinentes, incluídas entre outras, as condicións de pagamento, as condición e a configuración de privacidade, e as funcións de seguridade para protexer a súa información privada e para garantir a súa seguridade persoal. Para utilizar o Software de Cliente no seu produto portátil co fin de acceder e utilizar o Servizo de Acceso: (a) debe ter unha conta activa e vixente para o Servizo de Acceso, a cal rexerá de acordo cos termos e condicións do servizo que vostede acepte en relación co Servizo de Acceso; (b) o seu provedor de servizo de tempo de emisión debe permitirlle acceder ao Servizo de Acceso mediante o seu produto portátil, e (c) o Software do Cliente deberá estar deseñado para ser compatible coa versión específica do software portátil de BlackBerry do seu produto portátil.

O Software de Cliente é o software portátil de BlackBerry tal como se define este termo na versión vixente do Contrato de Licenza da Solución BlackBerry de RIM (antes chamado Contrato de Licenza do Software BlackBerry) (“BBSLA”) para a súa xurisdición; e RIM proporciónalles esta licenza de acordo cos termos descritos no BBSLA, complementada polos termos adicionais establecidos máis abaixo (“Termos adicionais”). Se vostede xa aceptou os termos e condicións establecidos no BBSLA en relación co uso da súa Solución BlackBerry (tal como se define no BBSLA), entón AO PREMER “ACEPTO” NO ESPAZO INDICADO MÁIS ABAIXO, VOSTEDE ESTÁ A ACEPTAR QUE ESES MESMOS TERMOS E CONDICIÓNS, XUNTO COS TERMOS ADICIONAIS, SE APLIQUEN AUTOMATICAMENTE AO USO QUE VOSTEDE FAGA DO SOFTWARE DE CLIENTE. SE VOSTEDE AÍNDA NON ACEPTOU O BBSLA, AO PREMER “ACEPTO” NO ESPAZO INDICADO MÁIS ABAIXO, VOSTEDE ACEPTA SOMETERSE AO ESTABLECIDO NO BBSLA E NOS TERMOS ADICIONAIS EN RELACIÓN CO USO QUE VOSTEDE FAGA DO SOFTWARE DE CLIENTE E, PARA GARANTIR QUE OS TERMOS QUE CONCORDAN SE APLIQUEN A TODO O SOFTWARE QUE FORMA PARTE DA SÚA SOLUCIÓN BLACKBERRY, VOSTEDE TAMÉN ACEPTA QUE, NA DATA QUE PREMA “ACEPTO” NO ESPAZO INDICADO MÁIS ABAIXO, O BBSLA SE APLIQUE A TODOS OS ASPECTOS RELACIONADOS COA SÚA SOLUCIÓN BLACKBERRY E SUBSTITÚA E INVALIDE CALQUERA OUTRO CONTRATO DE LICENZA DO SOFTWARE BLACKBERRY ANTERIOR, NON OBSTANTE O PREVISTO AO CONTRARIO DE ACORDO COS DEVANDITOS CONTRATOS.

SE NON DISPÓN DO BBSLA VIXENTE, PODE ATOPALO EN WWW.BLACKBERRY.COM/LEGAL OU CONTACTANDO CON RIM NO ENDEREZO ELECTRÓNICO: LEGALINFO@RIM.COM.

TERMOS ADICIONAIS

Amais, vostede reconece e acepta que:

- As disposicións relativas ao consentimento para a recompilación de información persoal presentes no BBSLA, incluída a política de privacidade de RIM mencionada no presente documento, á que tamén ten acceso en <http://www.blackberry.com/legal/privacy.shtml> ou solicitándoa mediante correo electrónico a legalinfo@rim.com (a “Política de privacidade”), aplícase a calquera recompilación, uso ou divulgación de información persoal por parte de RIM mediante a súa utilización do Software de Cliente. Se reside no Espazo Económico Europeo, vostede dá o seu consentimento para que a información persoal que recompile RIM poida ser transferida fóra do Espazo Económico Europeo para o seu procesamento por parte de RIM ou de terceiros provedores de servizos en servidores administrados por ou no nome de RIM ou das súas filiais en Canadá, Estados Unidos ou outros países onde haxa centros administrados por ou no nome de RIM e das súas empresas filiais e provedores de servizos.
- O seu uso do Software de Cliente pode requirir a recompilación e almacenamento dun token de seguridade ou de credenciais que lle faciliten o acceso a súa conta de Servizo de Acceso. Cando vostede utilice o Servizo de Acceso pode que servizos de terceiros, tales como Facebook, teñan acceso á información persoal que se atope no seu dispositivo e pode que esta se comunique a outros servizos de terceiros nos que RIM non teña control nin responsabilidade. Por exemplo, se habilita a función de sincronización da Lista de contactos pode que se envíen copias periodicamente a Facebook dos contactos que teña no seu dispositivo para que lle poidan ofertar opcións novas a través do seu Servizo de Acceso. Facebook tamén pode enviar periodicamente imaxes de perfil e información sobre vostede e os seus amigos de Facebook á Lista de contactos e ao calendario do seu dispositivo, e vostede reconece e acepta que o acceso a estes datos (p. ex. por algunhas aplicacións) xa non estará sometido á configuración de privacidade súa ou dos seus amigos de Facebook unha vez estean almacenados no seu dispositivo.

Acepto

Non acepto